

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36011634	Politécnico de Vigo	Vigo	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMA	Instalación e mantemento	CMIMA03	Mantemento electromecánico	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de adultos

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0957	Empresa e iniciativa emprendedora	2023/2024	3	53	63

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	CÉSAR ALBERTO FERNÁNDEZ NOYA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Proxecto de FP dual coa empresa Benteler Automotive Vigo S.L , no que se combinarán os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa e no centro formativo. En concreto este módulo, tal e como se establece no Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a empresa Benteler Automotive Vigo S.L para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas de 20 de xullo de 2.015, impartirase íntegramente no centro educativo.

No IES Politécnico de Vigo vaise impartir o módulo EIE, que ten como obxectivos xerais despertar no alumnado o interese polo mundo da empresa, achegalo aos instrumentos necesarios para a creación e a determinación da viabilidade da mesma.

Os alumnos e alumnas que acoden ao Politécnico son basicamente de Vigo e da área metropolitana. Unha zona con grandes posibilidades de crear novas empresas, pero tamén azoutada actualmente por unha profunda crise, especialmente no sector da construción e no comercio. Pese a elo, sempre existen posibilidades de empezar novos negocios, mesmo incluso como alternativa ao desemprego existente nos sectores máis novos da poboación.

O currículo do módulo baséase no Deseño Curricular Base (DCB), establecido por decreto da Consellería de Educación. Os DCBs constitúen, por tanto, a fonte normativa na que os profesores debemos inspirarnos á hora de elaborar as nosas programacións de aula para cada módulo. Por outra banda, cómpre lembrar que os DCBs apróbanse en Galicia a partir do establecido con carácter xeral no Deseño Base de cada Título (DBT), establecido por Real Decreto emitido polo ministerio de Educación e con vixencia en toda España.

O currículo do módulo é común nos ciclos de FP Regrada, con independencia das cualificacións profesionais que se poidan adquirir coa obtención de cada título, e esta circunstancia posibilita a súa validación académica cando un alumno superou este módulo noutro ciclo formativo, xa sexa de grao medio ou superior.

Con suxeición á normativa legal que fixa os obxectivos xerais dos ciclos formativos que se imparten no IES Politécnico de Vigo e fixan as ensinanzas mínimas, e dos establecidos nesta Programación como particulares, tendo en conta a realidade do alumnado do Politécnico, particularizados en relación cos mínimos esixidos en cada unha das catro Unidades Didácticas que comprende, sinalanse como obxectivos xerais do módulo de Empresa e Iniciativa Emprendedora, os seguintes:

- Que os alumnos e alumnas sexan capaces de recoñecer as oportunidades de aprendizaxe e emprego, analizando as ofertas e demandas do mercado laboral para xestionar a súa carreira profesional como autónomos ou pequenos empresarios.
- Que saiban recoñecer a existencia duns dereitos tanto como empresarios ou autónomos como en calidade de traballadores, así como o marco legal no que se desenvolve a actividade económica no marco democrático.
- Que entendan a cultura emprendedora como algo positivo para a sociedade e para o éxito persoal
- Que sexan capaces de entender o que é a unha pequena empresa e a importancia da iniciativa individual para levala adiante.
- Que sexan conscientes da importancia da viabilidade dos proxectos empresariais e do concepto de risco como algo inevitable en toda iniciativa emprendedora.
- Que entendan o concepto de empresario e os requisitos e actitudes necesarias para desenvolver unha actividade empresarial.
- Que acaden elementos de xuízo para poder determinar cal é a forma xurídica máis axeitada a cada proxecto empresarial.
- Que identifiquen as funcións básicas da empresa.
- Que identifiquen os elementos do entorno dunha pequena empresa de fabricación mecánica.
- Que sexan capaces de valorar as obrigas mercantís e fiscais de cada forma de empresa.
- Que entendan a importancia das responsabilidades dos socios en relación coas formas xurídicas que a empresa revista.
- Que saiban manexar os conceptos mínimos para determinar a viabilidade dun proxecto empresarial mediante un estudo de viabilidade.
- Que saiban da existencia de diferentes axudas para a creación de empresas, especialmente de fabricación mecánica na súa localidade.

- Que se doten de elementos para entender en que consiste a organización da empresa.
- Que se familiaricen coa política de obxectivos das empresas e co funcionamento das técnicas de venda.
- Que acaden elementos necesarios para xestionar eficazmente os almacéns de mercadorías e materias primas.
- Que se conciencien da importancia da calidade da produción.
- Que se doten de criterios e métodos para a xestión dos recursos humanos, con referencia particular aos contratos, obrigas laborais, remuneración e marco de relacións laborais na empresa.
- Que se familiaricen cos procedementos, mecanismos e documentos administrativos.
- Que comprendan a importancia e a obriga da levanza da contabilidade.
- Que identifiquen formas de financiamento e tesourería na empresa.
- Que entendan a importancia da iniciativa na empresa tanto dende a posición de empresario como dende a de traballador.
- Que identifiquen o alcance do concepto: ámbito de dirección e organización do empresario.

Obxectivos orientados a conseguir os resultados xerais de aprendizaxe que se relacionan:

RA1. Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.

RA2. Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.

RA3. Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.

RA4. Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Formación en empresa	Non se adquirirá formación na empresa neste modulo	0	0
2	Iniciativa emprendedora e idea de negocio.	Idea de negocio, empresa e persoa emprendedora.	8	18
3	O contorno da empresa e o mercado.	O entorno empresarial. A cultura empresarial e a responsabilidade social da empresa. O funcionamento do mercado e o marketing mix. A organización funcional da empresa.	14	23
4	As formas xurídicas das empresas.	As formas xurídicas da empresa e a máis axeitada a cada emprendedor e trámites para a súa constitución.	10	16
5	O plan de produción.	O plan de produción, o aprovisionamento e o análise de custos.	12	15
6	Financiación, contabilidade e xestión da empresa.	Inversións e financiamento, o análise contable e financeiro e a xestión administrativa e fiscal.	19	28

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Formación en empresa	0

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Iniciativa emprendedora e idea de negocio.	8

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícase o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos.
CA1.2 Analízase o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como dinamizador do mercado laboral e fonte de benestar social.
CA1.3 Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na actividade emprendedora.
CA1.4 Analizáronse as características das actividades emprendedoras no sector dos servizos relacionados co mantemento electromecánico.
CA1.5 Valorouse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora.
CA1.6 Valoráronse ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación, pola creatividade e pola súa factibilidade.
CA1.7 Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito do mantemento electromecánico, que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial.
CA1.8 Analízase a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa.

4.2.e) Contidos

Contidos
Innovación e desenvolvemento económico. Principais características da innovación na actividade de mantemento electromecánico (materiais, tecnoloxía, organización da produción, etc.).
A cultura emprendedora na Unión Europea, en España e en Galicia.
Factores clave das persoas emprendedoras: iniciativa, creatividade, formación, responsabilidade e colaboración.
A actuación das persoas emprendedoras no sector dos servizos relacionados co mantemento electromecánico.
O risco como factor inherente á actividade emprendedora.
Valoración do traballo por conta propia como fonte de realización persoal e social.
Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e avaliación destas.
Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito do mantemento electromecánico.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	O contorno da empresa e o mercado.	14

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Valorouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego.
CA2.2 Analizouse o impacto ambiental da actividade empresarial e a necesidade de introducir criterios de sustentabilidade nos principios de actuación das empresas.
CA2.3 Identifícaronse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
CA2.4 Apreciouse a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico.
CA2.5 Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa de mantemento electromecánico en función da súa posible localización.
CA2.6 Analizouse o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial.
CA2.7 Valorouse a importancia do balance social dunha empresa relacionada co mantemento electromecánico e describíronse os principais custos sociais en que incorren estas empresas, así como os beneficios sociais que producen.
CA2.8 Identifícaronse, en empresas de mantemento electromecánico, prácticas que incorporen valores éticos e sociais.
CA2.9 Definíronse os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais.
CA2.10 Analizáronse os conceptos de cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais.
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.

4.3.e) Contidos

Contidos
A empresa como sistema: concepto, funcións e clasificacións.
Análise do contorno xeral dunha pequena ou mediana empresa de mantemento electromecánico: aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
Análise do contorno específico dunha pequena ou mediana empresa de mantemento electromecánico: clientes, provedores, administracións públicas, entidades financeiras e competencia.
Localización da empresa.
A persoa empresarial. Requisitos para o exercicio da actividade empresarial.
Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentable.
Cultura empresarial, e comunicación e imaxe corporativas.
Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	As formas xurídicas das empresas.	10

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Analizouse o concepto de persoa empresaria, así como os requisitos que cómpren para desenvolver a actividade empresarial.
CA3.2 Analizáronse as formas xurídicas da empresa e determinándose as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio.
CA3.3 Valorouse a importancia das empresas de economía social no sector dos servizos relacionados co mantemento electromecánico.
CA3.4 Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida.
CA3.5 Diferenciouse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa.
CA3.6 Identificáronse os trámites esixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica.
CA3.7 Identificáronse as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa.
CA3.9 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.

4.4.e) Contidos

Contidos
Formas xurídicas das empresas.
Responsabilidade legal do empresariado.
A fiscalidade da empresa como variable para a elección da forma xurídica.
Proceso administrativo de constitución e posta en marcha dunha empresa.
Vías de asesoramento para a elaboración dun proxecto empresarial e para a posta en marcha da empresa.
Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	O plan de produción.	12

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.11 Descríbense as actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa de mantemento electromecánico, e delimitáronse as relacións de coordinación e dependencia dentro do sistema empresarial.
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.

4.5.e) Contidos

Contidos
Actividades e procesos básicos na empresa. Organización dos recursos dispoñibles. Externalización de actividades da empresa.
Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Financiación, contabilidade e xestión da empresa.	19

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	NO
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.8 Analizáronse as axudas e subvencións para a creación e posta en marcha de empresas de mantemento electromecánico tendo en conta a súa localización.
CA3.9 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.
CA4.1 Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
CA4.2 Descríbironse as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa.
CA4.3 Definíronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resúmenes anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionada co mantemento electromecánico, e diferenciáronse os tipos de impostos no calendario fiscal (liquida
CA4.4 Formalizouse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, obrigas de pagamento e letras de cambio) para unha pequena e unha mediana empresa d
CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.

4.6.e) Contidos

Contidos
Axudas e subvencións para a creación dunha empresa de mantemento electromecánico.
Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.
Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena e dunha mediana empresa no sector dos servizos relacionados co mantemento electromecánico.
Concepto e nocións básicas de contabilidade: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
Análise da información contable: equilibrio da estrutura financeira e ratios financeiras de solvencia, liquidez e rendibilidade da empresa.
Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira.
Obrigas fiscais dunha pequena e dunha mediana empresa.
Ciclo de xestión administrativa nunha empresa de mantemento electromecánico: documentos administrativos e documentos de pagamento.
Coidado na elaboración da documentación administrativo-financeira.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

5.1 MINIMOS ESIXIBLES.

Establécense como mínimos esixibles os seguintes:

- Valora a importancia da iniciativa individual, a creatividade e a formación como requisitos indispensables para poder desenvolver con éxito unha actividade emprendedora e identifica ideas innovadoras.
- Identifica os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa e realiza o seu análise DAFO.
- Coñece os custos sociais das empresas.
- Valora a ética e a cultura empresarial.
- Pensa nunha boa idea de negocio.
- Coñece a estrutura do proxecto empresarial.
- Confecciona, segundo os pasos indicados, un plan de empresa para o seu sector de actividade.
- Identifica os requisitos para ser empresario.
- Coñece as características das empresas segundo a forma xurídica así como as vantaxes e desvantaxes de cada unha.
- Sabe as implicacións da responsabilidade económica limitada e ilimitada.
- Explica todos os trámites que se deben levar a cabo para por en marcha a actividade empresarial do seu proxecto empresarial.
- Identifica as axudas, subvencións e fontes de financiamento tanto a curto como a longo prazo ás que poden optar as empresas.
- Cumprimenta correctamente un pedido, albará, factura, cheque, letra, pagaré e recibo e distingue que empresa é a que debe elaboralo e o circuito que percorre.
- Coñece os principais libros contables e cumprimenta correctamente un balance simple ea conta de resultados.
- Describe os catro elementos do marketing mix e relaciona as nocións básicas sobre o produto, prezo, promoción e distribución do produto.
- Coñece as principais características do IRPF, IS, IVE e impostos municipais así como o calendario fiscal, e identifica qué impostos afectan a cada forma xurídica.

5.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

A cualificación do módulo será numérica, entre 1 e 10, sen decimais, considerándose positivas as puntuacións iguais ou superiores a 5. Os alumnos que non acaden unha nota de cinco puntos na cualificación das avaliacións, estarán obrigados a realizar as correspondentes probas de recuperación de acordo cos criterios que se establecen no apartado 6.a). Se no trimestre se realizasen máis de unha proba escrita, será preciso obter nelas unha puntuación mínima de 4 para que poida facer media. En caso contrario o alumno deberá recuperar os contidos non superados no trimestre. A nota media dos parciais deberá dar resultado unha puntuación mínima de 5 para poder superar a avaliación.

Os INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN empregados para valorar os resultados de aprendizaxe son:

- * Probas escritas: que consistirán nun cuestionario de preguntas tipo test (puntuando negativamente as respostas incorrectas), preguntas curtas de desenvolvemento e exercicios de cálculo numérico. Todas as preguntas de cada proba escrita sumarán 10 puntos.
- * Proxecto empresarial: consistirá na elaboración dun plan de empresa, debendo estar debidamente cumprimentado en todo-los seus apartados. O alumno deberá entregar o plan en papel debidamente presentado e cumprindo os prazos establecido, e deberá expoñer de forma oral a parte correspondente de cada trimestre ao final do mesmo.
- * Actividades/ casos prácticos: poden ser actividades ou casos prácticos a resolver de forma individual ou por parellas ou equipos de traballo.
- * Observación na aula: valorándose a participación activa e responsable do alumno, a autonomía e iniciativa na resolución das actividades e

traballo, capacidade de autoanálise, a implicación no traballo en equipo e a motivación amosada polo módulo.

Os CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN que se empregarán para avaliar ao alumno/a e o peso que ten cada instrumento de avaliación é o seguinte:

1) Proba escrita: Cun peso do 60% sobre a puntuación total da cualificación.

2) Proxecto empresarial: Cun peso do 40% sobre a puntuación total da cualificación, incluíndo as actividades e casos prácticos solicitados polo profesor.

Para superar positivamente o módulo é preciso acadar como mínimo 5 puntos na avaliación final.

Os alumnos/as serán informados do peso de cada actividade e das instrucións precisas para a superación de cada unha delas ao comezo do curso.

5.2 PROBA GLOBAL

O profesor poderá facer unha proba final previa ao comezo do período formativo e profesionalizador na empresa. Esta proba final abarcará a totalidade da programación impartida no centro educativo. Cabe a posibilidade de que aqueles alumnos/as que non superando o 10% da ausencia ás clases queden exentos/as de realizar a mesma.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

1. ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN DA TOTALIDADE DO MÓDULO OU BEN DE PARTE DO MESMO, AO FINAL DO PERÍODO LECTIVO:

Para aqueles alumnos/as que suspenderan a avaliación terán tres métodos para a superación do módulo. Por un lado o profesor deseñará unha serie de exercicios e actividades a realizar polos estudantes de forma autónoma fóra do horario escolar, podendo preguntar dúbidas nas horas de titoría ou mediante a aula virtual, se fose necesario. Estas tarefas serán as mesmas cas establecidas nas unidades didácticas traballadas durante o trimestre, modificando datos e levando a cabo unha atención educativa máis individualizada.

Se coas tarefas individualizadas algún alumno non supera algún criterio de avaliación mínimo esixible no período lectivo poderá superalo en caso de que no período de formación na empresa afiancen os contidos non superados na avaliación ou tamén realizando unha proba escrita de recuperación programada para o mes de Setembro. Esta proba consistirá nun cuestionario de preguntas tipo test (puntuando negativamente as respostas incorrectas), preguntas curtas de desenvolvemento e exercicios de cálculo numérico.

Os criterios de cualificación para estas actividades de recuperación trimestrais son os seguintes:

- Tarefas: 20%

- Proba escrita: 80%

Será imprescindible, para poder superar a recuperación, ter feitas as tarefas e obter un mínimo de 5/10 na proba escrita.

Se o motivo polo que o alumno suspendeu a avaliación trimestral foi a non presentación do plan de empresa, establecerase un novo prazo de entrega para o mesmo, o cal deberá estar debidamente cumprimentado en todo-os seus apartados. Será requisito imprescindible para superar o módulo que teñan presentado os seu proxecto empresarial. Neste caso no que a non superación da avaliación debeuse á non presentación do proxecto empresarial, o criterio de cualificación será: Proxecto empresarial: 100%.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Na FP dual non existe a perda de dereito a avaliación continua, polo tanto seguiranse os criterios de calificación en todo caso para todas as situacións de faltas, xustificadas ou non, do alumnado.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

7.1. PROCEDEMENTO PARA O SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN.

A Programación, como guía que se vai seguir no proceso de ensino-aprendizaxe no período dun curso académico e como garantía para o alumnado, debe ser cumprida integramente. Sen embargo, como elemento vivo que é, estará sometida a adaptacións no tempo, na metodoloxía e nos obxectivos e contidos que, ao longo dos anos irán dando a medida das correccións que se deban introducir para que cumpla mellor a súa función. Neste sentido cómpre fixar un procedemento de seguimento da programación que se avaliará:

- A adecuación dos contidos recollidos para acadar as aprendizaxes propostas e a súa adecuación as características do ámbito produtivo e as necesidades do alumnado.
- Valoración do seguimento da programación na reunión de departamento, que se celebrará cunha periodicidade mensual, onde se analizará o grado de cumprimento da programación no referente á temporalización, contidos impartidos e as actividades realizadas conforme ao programado inicialmente.

No caso de establecer modificacións, estas deben ser recollidas e posteriormente incorporadas á Memoria de Fin de Curso. Estas modificacións non deben ter a súa orixe só nos criterios do docente, senón que este deberá considerar outros elementos á marxe da propia experimentación, facilitando a participación ao alumnado para que exprese o seu grado de satisfacción co sistema seguido para acadar os obxectivos establecidos.

7.2. AVALIACIÓN DA PROPIA PRÁCTICA DOCENTE.

Algúns dos aspectos que o profesor deberá considerar na autoavaliación da práctica docente son:

- Organización e coordinación co profesorado do ciclo formativo.
- Adecuación do grao de dificultade das actividades ás características do alumnado.
- Grao de motivación dos alumnos nas actividades propostas polo profesor.
- Planificación das tarefas: distribución e dotación de medios e tempos.
- Ambiente de traballo, relación entre os alumnos, e entre alumnado e o profesor.
- TICs: uso e manexo por parte do alumnado e do profesor.
- Habilidades de comunicación verbal e non verbal na transmisión dos contidos.
- Claridade na presentación dos contidos nos medios audiovisuais empregados.

Algúns instrumentos para avaliar a práctica docente son:

- Cuestionarios anónimos de autoavaliación cumprimentados polos alumnos.
- Informes dos traballos en equipo.
- Notas recollidas na realización de tarefas.
- Entrevistas con alumnado e profesorado.
- Sesións e avaliacións.
- Reunións de departamento.

- Resultados do proceso de aprendizaxe nas avaliacións trimestrais e na final.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A diversidade preséntase no ámbito da formación en múltiples formas e vén expresada por unha serie circunstancias, tales como: coñecementos e experiencias persoais e laborais previas, motivacións e expectativas ante o aprendizaxe, intereses persoais, profesionais e vocacionais, competencias básicas e específicas, ritmos de traballo e de aprendizaxe, situacións persoais e familiares, habilidades e des-trezas desenvolvidas, orixe nacional ou étnico diferenciador, contorna socioeconómica do lugar de residencia, discapacidades físicas, psíquicas e/ou sensoriais ou sobredotación intelectual, entre outras.

Debemos contemplar a diversidade como fonte de oportunidades e de riqueza, centrándonos en adecuar os diversos aspectos metodolóxicos ás singularidades do noso alumnado.

Para iso, ao comezo do curso, levarase a cabo unha primeira recollida de datos académicos e de experiencia profesional proporcionada polos propios alumnos ao cubrir as fichas correspondentes. Coa mesma finalidade, ao inicio de curso, o profesor coordinarase co titor e co resto do equipo docente do grupo para recoller información sobre os coñecementos previos do alumnado durante as reunións de "avaliación inicial de ciclos". Así mesmo, valorará a información dos informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada, e consultará co departamento de Orientación en caso de detectar alumnos con necesidades educativas especiais ou que requiran apoio educativo específico.

Durante o curso, ao inicio de cada unidade didáctica, realizarase un cuestionario inicial ou formularase preguntas ao grupo de xeito oral, coa fin de identificar o nivel de coñecementos do alumnado a respecto da materia a impartir, téndoo en conta para adecuar os medios didácticos a utilizar.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Esta proposta didáctica ten en conta o principio de "deseño para todos". Para tal efecto recolle ás medidas necesarias para que calquera alumno poida acadar os resultados de aprendizaxe do módulo. Cómpre que calquera alumno poida acadar os resultados de aprendizaxe do módulo adoptando medidas de reforzo e apoio, pero sen que estas afecten de forma significativa á consecución dos resultados de aprendizaxe previstos para cada un dos módulos profesionais, tal e como establece o decreto 114/2010.

A diversidade preséntase no ámbito da formación en múltiples formas e vén expresada por unha serie circunstancias, tales como: coñecementos previos e experiencias persoais e laborais, motivacións e expectativas ante o aprendizaxe, interese persoais, profesionais e vocacionais, capacidades xenerais ou diferenciadas, ritmos de traballo e de aprendizaxe, situacións persoais e familiares, habilidades e destrezas desenvolvidas, orixe nacional ou étnico diferenciador, contorna socioeconómica do lugar de residencia, minusvalideces físicas, psíquicas e/ou sensoriais ou sobredotación intelectual, entre outras.

Debemos contemplar a diversidade como fonte de oportunidades e de riqueza, centrándonos en adecuar os diversos aspectos metodolóxicos ás singularidades do noso alumnado.

Será preciso realizar unha avaliación inicial, coa amplitude que se considere necesaria, coa colaboración do departamento de orientación, para detectar ao alumnado con necesidades educativas especiais e as súas demandas específicas. Tomando en consideración o establecido pola GABE e polo Decreto 114/2010 respecto a atención á diversidade, cómpre facer unha breve referencia á serie de medidas que teríamos en conta na atención a este tipo de alumnado:

- * Medidas de acceso ao currículo para alumnos con deficiencias sensoriais ou físicas: entrega do material cun tamaño de fonte máis grande ou en outros formatos.
- * Agrupamentos heteroxéneos: á hora de traballar en equipo estes serán formados por alumnos con diversidade de competencias e motivacións, coa fin de que os alumnos se axuden entre si.
- * Adaptacións curriculares non significativas para aqueles alumnos con necesidades educativas especiais, co asesoramento do departamento de orientación e sen que afecten aos elementos preceptivos do currículo.
- * Actividades de ampliación e de investigación para aqueles alumnos que presenten un rendemento académico moi superior o resto do grupo: emprego das TICs e fomento da busca autónoma de información para resolver supostos e analizar a realidade sociolaboral.
- * Medidas de reforzo educativo tales como actividades graduadas segundo diferentes niveis, garantindo sempre a adquisición dos contidos mínimos; modificación da localización do alumno en clase; repetición individualizada dalgunhas explicacións ou potenciación da participación do alumno e a consecución de pequenos logros como elementos de motivación.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

O noso labor é formar persoas e profesionais competentes, polo que debemos axudar ao desenvolvemento dos alumnos en distintos ámbitos:

- a) Desenvolvemento profesional: se trata de que cada alumno desenvolva de forma progresiva as capacidades xerais e específicas necesarias para afrontar de xeito coherente a súa opción profesional.
- b) A identidade persoal: intentaremos contribuír ao seu desenvolvemento en distintos ámbitos: construción do autoconcepto e desenvolvemento da autoestima.
- c) Desenvolvemento Social: traballaremos en equipo, debates, coloquio, traballando a prevención e resolución de conflitos e fomentando a participación na aula.

As principais ferramentas para lograr este desenvolvemento son as ensinanzas transversais e a educación moral e ética no ámbito laboral:

A. AS ENSINANZAS TRASVERSAIS.

En distintos momentos das unidades didácticas trátanse contidos transversais, sempre de forma integrada cos contidos do módulo.

A.1. Educación Ambiental

Obxectivos

1. Respetar as normas urbanísticas e ambientais, na localización e posta en marcha da empresa.
2. Desenvolver unha actitude crítica ante a ética ambiental das empresas.
3. Coñecer e reflexionar sobre os problemas ambientais actuais.

Inserción: na localización da empresa e na xestión comercial.

Metodoloxía: Formularase unha reflexión sobre a necesidade de respectar as normas urbanísticas e ambientais para a implantación da empresa.

Tamén se realizará unha análise crítica das normas ambientais que afectan ás licenzas de apertura de establecementos e de obras.

Avaliación: Valorarase a descrición e análise de noticias nos medios de comunicación sobre este tema e as propostas de posibles cambios de actitude fronte á situación ambiental.

A.2. Educación moral e cívica

Obxectivos

1. Valorar a necesidade de colaboración na actividade emprendedora.
2. Ser consciente da responsabilidade do empresario sobre o desenvolvemento e a confidencialidade nos procesos de xestión dunha empresa.
3. Desenvolver criterios de actuación que favorezan intercambios responsables e comportamentos de respecto e xustiza no posto de traballo.

Inserción: na elaboración do proxecto empresarial e na xestión administrativa da empresa.

Metodoloxía: Desenvolveranse exercicios de cooperación nos procesos de creación e desenvolvemento dun proxecto empresarial, nos que sexa necesario un compromiso para levar adiante un proxecto.

Avaliación: Valorarase a actuación ante situacións de traballo en grupo nas que a colaboración determina o éxito ou o fracaso, así como a toma de decisións por parte do alumno, que supoña buscar e aplicar novas solucións ante problemas empresariais.

A.3. Educación para a igualdade entre os sexos

Obxectivos

1. Desenvolver actitudes críticas e suxerir cambios fronte a aquelas manifestacións sexistas que poidan xerarse no ámbito laboral.
2. Favorecer a igualdade de oportunidades de ambos os dous sexos no ámbito laboral.

Inserción: na elaboración do proxecto empresarial, na elaboración e a formalización da documentación administrativa e na xestión do persoal.

Metodoloxía: Formularase a resolución de conflitos ou dilemas morais, reflexionando, valorando, argumentando e actuando con respecto e tolerancia ante a diversidade social. A continuación realizarase unha posta en común de experiencias persoais que poñan de manifesto algunha vivencia de discriminación social. Tamén se propoñerán exercicios para o desenvolvemento da autoestima.

Avaliación: Analizaranse situacións de discriminación en ámbitos laborais. Estudaranse casos que formulen a igualdade de oportunidades no ámbito laboral. E analizarase a documentación para determinar onde e por que se producen situacións de discriminación.

A.4. Educación nas novas tecnoloxías

Obxectivos: Preténdese que os alumnos adopten actitudes favorables na incorporación, o uso e a actualización das novas tecnoloxías, así como o uso de instrumentos que ofrece a tecnoloxía nos procesos de posta en marcha do proxecto empresarial.

Inserción: na elaboración do plan de empresa, na busca de lexislación e normativa e na elaboración de documentación administrativa.

Metodoloxía: Realizaranse actividades que supoñan o emprego de novas tecnoloxías tanto no ámbito de toma de decisións empresariais, coma na realización de trámites de constitución e posta en marcha e na elaboración de documentos administrativos.

Avaliación: Valorarase a aplicación de recursos relacionados coas novas tecnoloxías na elaboración do Plan de Empresa e na resolución de casos prácticos.

B. EDUCACIÓN MORAL E ÉTICA NO ÁMBITO EMPRESARIAL.

O tratamento dos valores éticos e morais no ámbito empresarial céntrase nos seguintes aspectos:

- a) A propia identidade: autoestima, seguridade persoal, autonomía, responsabilidade, creatividade, xestión da propia formación, realización persoal e coherencia entre a súa conduta e as súas conviccións.
- b) A relación cos demais: respecto, tolerancia, diálogo, xustiza, solidariedade e defensa dos dereitos humanos.
- c) A relación co ámbito: respecto pola natureza, o medio ambiente e o patrimonio cultural.

Para tratar estes temas usaremos técnicas como debates en clase e análise de casos reais ou simulacións.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Á marxe das actividades de ensino-aprendizaxe deseñadas para cada unha das unidades didácticas, cómpre describir outras actividades que se diferencian de aquelas polos recursos, tempos e espazos necesarias para o seu desenvolvemento: actividades complementarias e extraescolares. A intención de programar este tipo de actividades no módulo de EMPRESA E INICIATIVA EMPRENDEDORA é completar a formación do alumnado, achegándonos á realidade social e escoitando outras voces á marxe da do profesor, coñecendo de primeira man os recursos cos que contarán cando vaian a desenvolver a súa profesión.

A continuación defínense ambos tipos de actividades, enumerando algunhas das que poden ser programadas polo departamento para ser levadas a cabo durante os dous primeiros trimestres do curso escolar:

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS: realízanse co alumnado en horario lectivo e, formando parte da programación, teñen un carácter

diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan:

1ª- Charla-coloquio dun experto en temas de franquicia e contratos de intermediación comercial, sempre e cando se o departamento dispoña de orzamento para a actividade.

2ª- Cine fórum: visionado de películas como ferramenta de aprendizaxe. O alumnado deberá cubrir un cuestionario con varios temas de reflexión unha vez remata a película. Tamén dará lugar ao debate e a posta en común de ideas. É unha actividade adecuada para levar a cabo tras as sesións de avaliación de cada trimestre. Exemplos de películas que poderíamos proxectar:

-Pisando Forte.

-A Rede Social.

-Piratas de Silicon Valley

-Jobs.

-En qué piensan las mujeres.

-Moneyball.

-Thank You For Smoking.

-Secretos de estado.

-A Familia Jones.

-Boomerang.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES: son aquelas organizadas polo centro, que deben figurar na programación xeral anual, aprobada polo Consello Escolar e que se realizan fóra de horario lectivo e de forma voluntaria. Por exemplo:

Visitas a Conxemar e Franquiatlántico, ou calquera outra feira relacionada co emprendemento, sempre e cando contemos con orzamento para organizar os desprazamentos.

Visita ao viveiro de empresas do CIFP Manuel Antonio, de Vigo, tamén sempre e cando se conte con orzamento para os desprazamentos.

10.Outros apartados

10.1) Secuenciación da programación.

Na primeira aula de comezo do curso os alumnos e alumnas serán informados da presente Programación, e do número de unidades de que consta, así como dos contidos de cada unha delas e dos textos a utilizar para o estudo e preparación. Ademais do libro de texto de Empresa e Iniciativa Emprendedora da editorial "Mc Graw Hill", a profesora elaborará materiais propios e utilizará como plataforma de comunicación co alumnado, a aula virtual e o correo electrónico.

Tamén se lles indicará como serán cualificados, indicando o peso de cada proba ou instrumento de avaliación.

Serán informados tamén das datas aproximadas dos exames, que deberán ser confirmadas na aula nas proximidades dos días sinalados, así como de cando se farán os exames de recuperación.

Informarase igualmente do número de faltas de asistencia que dará lugar á perda da avaliación continua. Con carácter xeral, neste módulo, establécese o número de 7, constituindo o 10% das sesións do módulo (isto é, 63 sesións).